

# MANUAL DE LINGUAXE INCLUSIVA NO ÁMBITO UNIVERSITARIO

Universidade de Vigo



# MANUAL DE LINGUAXE INCLUSIVA NO ÁMBITO UNIVERSITARIO

Ana Bringas López  
Olga Castro Vázquez  
María Jesús Fariña Busto  
Belén Martín Lucas  
Beatriz Suárez Briones

Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo  
Vigo  
2012

© Do texto: as autoras, 2012

Edita:  
Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo

Revisión:  
Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

Edición técnica: MB  
Deseño de cuberta: [www.rb.gl](http://www.rb.gl)  
Imprime: Tórculo Artes Gráficas

ISBN: 978-84-8158-584-1  
DL: VG 598-2012



Este manual foi impreso en papel reciclado 100%

## - ÍNDICE -

1. Introducción. Por que un manual de linguaxe inclusiva . . . . .	5
2. Conceptos básicos. . . . .	13
2.1. Sexo. . . . .	13
2.2. Xénero . . . . .	14
2.2.1. Xénero social. . . . .	14
2.2.2. Xénero gramatical. . . . .	14
2.3. Sexismo lingüístico . . . . .	15
2.3.1. Sexismo gramatical. . . . .	15
2.3.2. Sexismo discursivo . . . . .	15
2.4. Linguaxe inclusiva. . . . .	16
2.5. Androcentrismo . . . . .	16
2.6. Violencia simbólica . . . . .	16
2.7. Norma e uso. . . . .	17
3. Estratexias, exemplos e propostas prácticas . . . . .	19
3.1. Estratexias contra o sexismo gramatical . . . . .	20
3.1.1. Neutralización ou xeneralización . . . . .	20
3.1.2. Especificación . . . . .	26
3.1.3. Neoloxismos . . . . .	31
3.2. Estratexias contra o sexismo discursivo. . . . .	34
3.3. Boas prácticas na Universidade de Vigo . . . . .	40
3.4. Táboa de formas recomendadas. . . . .	42
4. Bibliografía . . . . .	49
4.1. Bibliografía citada . . . . .	49
4.2. Bibliografía recomendada . . . . .	50
4.2.1. Guías e manuais en liña no ámbito galego. . . . .	51
4.2.2. Guías e manuais en liña noutros ámbitos. . . . .	51
4.2.3. Outros recursos . . . . .	52
4.2.4. Textos teóricos . . . . .	52
4.3. Lexislación vixente que regula o uso dunha linguaxe non discriminatoria . . . . .	54



# 1. INTRODUCCIÓN

## POR QUE UN MANUAL DE LINGUAXE INCLUSIVA



O *Manual de linguaxe inclusiva* da Universidade de Vigo é unha ferramenta destinada a facer comprender a importancia de usar a linguaxe dun xeito que represente mulleres e homes con simetría e precisión, propoñendo pautas concretas de actuación que poidan ser incorporadas facilmente aos hábitos cotiáns de comunicación.

### *Por que é necesario este manual na Universidade de Vigo?*

Este manual xorde pola constatación de que os usos lingüísticos habituais dentro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo adoitan representar as relacións sociais entre mulleres e homes de acordo con estereotipos sexistas, ademais de invisibilizar as mulleres no plano gramatical e tomar os homes como medida de todas as cousas. Dito doutro xeito, moitos dos usos lingüísticos habituais reflicten actitudes de violencia simbólica (ver definición en páxina 16), sexistas e androcéntricas. Estas

prácticas son contrarias ao principio de igualdade de xénero que rexe esta Universidade e, por tanto, cómpre pór en marcha mecanismos para erradicalas.

## *Que fai que este manual sexa diferente?*

Aínda que existen outras guías con recomendacións variadas para promover unha linguaxe inclusiva, este manual recolle exemplos específicos e reais tirados de diversos contextos académicos da Universidade de Vigo, tanto para ilustrar casos de sexismo lingüístico como para deixar constancia dalgúns casos de boas prácticas que xa se puxeron en marcha. Os exemplos que se citarán neste manual abranguen desde formularios e correspondencia oficial ata redaccións en traballos académicos e exames, pasando tamén por letreiros, anuncios ou pezas xornalísticas publicadas no *Diario da Universidade de Vigo (DUVI)*, así como comunicacións máis informais, como notas internas, presentacións do alumnado nas clases ou conversas.

Por outra banda, a maior parte das guías breves céntranse unicamente no plano gramatical da lingua. Este manual, porén, engloba tamén casos de sexismo lingüístico no plano discursivo, é dicir, naquelas situacións nas que non existen normas gramaticais que prescriban como hai que expresarse, como explicaremos no capítulo 3.

## *Por que a linguaxe normativa que usamos habitualmente é sexista?*

As normas lingüísticas coas que nomeamos a realidade veñen ditas polo uso e tamén, sobre todo, polos grupos de poder. Estes grupos converten os seus valores culturais e ideolóxicos nos dominantes, de tal xeito que o que non é máis ca unha forma (de entre moitas posi-



bles) de organización social se presenta como necesaria e única posible. Tocante ao plano gramatical, cando no século XVII se empezaron a producir as primeiras gramáticas das linguas románicas, os gramáticos que as elaboraron decidiron que, coa desaparición do xénero neutro do latín, o masculino sería o xénero universal (Callamard 1998). Desta maneira, estandarizouse un uso da linguaxe que invisibiliza as mulleres e toma os homes como medida da realidade. Debemos ser conscientes de que esta é unha escolla social, e non unha característica “natural” nas linguas.

Canto ao plano discursivo, non se debe obviar que existen regras tácitas que a sociedade nos “convida” a seguir. Estas regras veñen ditas polos valores sexistas que aínda rexen a sociedade, que fomentan a tendencia a erotizar as mulleres, a enfatizar o aspecto sexual ao referirse a elas, a infantilizalas tratándoas cos seus nomes de pía, a xerarquizar as accións pondo os homes diante etc.

### ***Por que moitos usos lingüísticos sexistas acontecen de forma inconsciente e non intencionada?***

Os valores sexistas e androcéntricos aínda están moi ancorados no imaxinario colectivo das nosas sociedades, ata o punto de seren os valores dominantes. Xustamente ao seren dominantes, estes valores preséntanse como neutrais, obxectivos, “normais” e “naturais” e vanse adquirindo de forma acrítica e inconsciente, tanto por homes como por mulleres, ata dar lugar ao que o sociólogo Pierre Bourdieu denominou “dominación simbólica” (1991). Esta inconsciencia fai que moitas veces o sexismo lingüístico non sexa intencionado, pero esa falta de intencionalidade non elimina os efectos perniciosos deses usos lingüísticos.

## *Cales son as consecuencias sociais de usar unha linguaxe sexista?*

A linguaxe sexista éo desde un punto de vista estritamente lingüístico (porque hai un xénero subordinado a outro), pero tamén desde un punto de vista cognitivo, é dicir, na representación mental que facemos do mundo a partir da linguaxe. Dado que pensamos con palabras e categorías gramaticais, a linguaxe participa notablemente na construción da nosa visión da realidade. Xa que logo, ao imaxinarmos a realidade a través da representación que facemos dela mediante a linguaxe, a utilización de usos lingüísticos discriminatorios contribúe a consolidar unha visión do mundo tamén discriminatoria, o que acaba por traducirse en prácticas de evidente sexismo, como os actos de violencia física, os teitos de cristal ou a desigualdade salarial. Toda violencia contra as mulleres está estreitamente ligada á violencia simbólica mediante a linguaxe (Bourdieu 1991 e Martín Lucas 2010).

## *Por que a linguaxe inclusiva é importante para avanzar cara a un mundo máis igualitario?*

A linguaxe inclusiva busca tratar de forma simétrica mulleres e homes a nivel lingüístico, pero sobre todo gañar precisión e exactitude a nivel cognitivo sen invisibilizar nin estereotipar ningún dos sexos. Deste xeito, a linguaxe inclusiva é vital para cambiar o repertorio de significados que transmite a linguaxe e para permitir unha representación máis igualitaria da realidade que contribúa a construír formas de pensamento tamén máis igualitarias. Xa que a lingua reflicte a realidade, a linguaxe inclusiva debería ser capaz de reflectir os cambios sociais que se van producindo cos avances en igualdade (por exemplo, coa incorporación de mulleres a profesións antes masculinizadas e viceversa). Mais, xa que a lingua tamén constrúe a nosa visión

da realidade, a linguaxe inclusiva é un xeito de ter sempre presente que o mundo está constituído por homes e mulleres. Empregar unha linguaxe inclusiva non sexista contribuirá, pois, ao cambio social cara a unha sociedade igualitaria, en tanto que nos obriga a pensar conscientemente en como se fala e a reflexionar sobre os papeis de mulleres e homes na sociedade.

### ***Por que é algo máis que unha opción persoal ou cuestión de opinión?***

O principio de igualdade rexe as normas directrices que regulan as relacións humanas na nosa sociedade. De feito, o uso dunha linguaxe libre de sexismo é un asunto central para calquera sociedade democrática que promova a igualdade entre mulleres e homes, e de aí que exista lexislación de obrigado cumprimento (recollida na bibliografía) que incorpora epígrafes sobre o uso da linguaxe inclusiva a nivel galego (como a *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes*) e estatal (a *Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*), así como outras normativas da Unión Europea e de organismos como a UNESCO. A propia Universidade de Vigo ten tamén regulacións establecidas no seu Plan estratéxico, amais de recoller no primeiro artigo dos seus estatutos a obriga de os órganos de goberno daren plena efectividade ao principio de igualdade e impediren calquera tipo de discriminación.

### ***Por que a linguaxe inclusiva causa tanta controversia e rexeitamento?***

Malia que cada vez se van adoptando máis usos lingüísticos inclusivos, tamén é certo que con frecuencia aínda se escoitan comentarios

con prexuízos, falsos mitos e opinións descualificadoras sobre a linguaxe inclusiva. Nalgúns casos, estes comentarios parten da lingüística tradicional que se aferra a unha visión inmovilista da linguaxe para seguir prescribindo normas ditadas hai séculos, agora claramente obsoletas. Noutros casos, os comentarios parecen proceder de persoas que descoñecen a dimensión que a linguaxe ten na cosmovisión da sociedade, considerando que o xeito en que se usan as palabras non ten ningunha repercusión nas vidas das mulleres e dos homes. O maior rexeitamento, con todo, semella vir dun terceiro grupo que se mostra moi consciente da repercusión que a linguaxe inclusiva ten na sociedade e, xustamente por iso, oponse a un cambio na orde establecida. Esta actitude, que ten moita presenza nos medios de comunicación, a miúdo ridiculiza ou trivializa as propostas de linguaxe inclusiva. Trátase dunha defensa férrea dos privilexios tradicionais dun sector da poboación que non se pode compaxinar coa defensa dos valores democráticos de igualdade.

### *Por que o masculino non é realmente xenérico?*

O masculino úsase habitualmente para facer referencia ao sexo home, a ambos os sexos ou a un sexo descoñecido (e, en ocasións, mesmo para referirse ao sexo muller) de acordo coas normas gramaticais e coas regras tácitas que inflúen nas escollas lingüísticas a nivel discursivo. Porén, numerosas probas empíricas amosan que a representación mental que crea o masculino no nivel cognitivo é exclusivamente masculina, invisibilizando a parte dos suxeitos a quen di representar. Amais, por definición os nomes xenéricos inclúen sempre persoas de ambos os sexos sen ambigüidade, mentres que o chamado masculino xenérico unhas veces inclúe só homes e outras veces débese entender que, supostamente, inclúe mulleres e homes, polo que resulta moi ambiguo.

## *Por que usar linguaxe inclusiva, se é contraria á economía da linguaxe?*

Cómpre puntualizar que a economía lingüística non é unha regra que estea sempre presente nas linguas; a miúdo proporcionamos información redundante nas nosas comunicacións sen que isto produza controversia. Así acontece en expresións como “subir para arriba” ou “si, claro que si”. É máis, a propia linguaxe sexista incorre nesta falta de economía da linguaxe, con enunciados como “trinta inmigrantes e unha muller chegan ás costas” ou “cada vez hai máis mulleres enxeñeiras”, que caen no sexismo pola explicitación innecesaria do termo “muller”. Tampouco se respecta a economía lingüística cando se utiliza o nome de pía diante do apelido para referirse a mulleres, mentres que non se fai cos homes, como “Rosalía de Castro e Castelao”.

É importante ter en conta aquí que a linguaxe inclusiva non consiste en crear frases redundantes e con repeticións pesadas, senón en buscar fórmulas que a nivel cognitivo evoquen unha imaxe mental non discriminatória. A aplicación das recomendacións prácticas deste manual poden dar lugar a textos harmoniosos e elegantes, e ao mesmo tempo respectuosos.

## *Por que usar linguaxe inclusiva, se é “antinatural”?*

A linguaxe é unha construción social que nada ten que ver coa natureza e debe servir para satisfacer as necesidades de comunicación dunha sociedade, nun tempo e lugar determinado. Consonte as sociedades mudan, a linguaxe tamén muda para reflectir novas realidades con novos usos lingüísticos, e para ir abandonando outros usos que deixan de ser axeitados. Por iso, en ocasións son necesarias novas palabras que dean expresión a experiencias que antes carecían de materialización na linguaxe, ou novos recursos lingüísticos que permitan visibilizar mu-

lles e homes na mesma interacción lingüística. En calquera caso, a linguaxe nunca pode ser, por definición, natural: é un constructo social que muda constantemente. Deste xeito, afirmacións frecuentes en gramáticas e guías que desaconsellan o uso dunha linguaxe inclusiva porque levaría a usos “antinaturais” son, simplemente, falacias.

### *Por que usar linguaxe inclusiva, se simplemente se trata do politicamente correcto?*

A razón de ser do politicamente correcto é, primordialmente, utilizar expresións non pexorativas para non ofender colectivos minoritarios ou en situación de inferioridade social. A linguaxe inclusiva non é unha cuestión estética nin de moda, como tampouco se defende por ser politicamente correcta nin porque evite ferir sensibilidades. Lonxe diso, deféndese polo seu gran potencial, como construtora de imaxinarios, de contribuír ao avance dunha sociedade igualitaria.

## 2. CONCEPTOS BÁSICOS



Deseguido preséntase un glosario cos principais conceptos empregados neste manual e que cremos conveniente esclarecer.

### 2.1. *Sexo*

Tradicionalmente e ata a década de 1980 o sexo adoitábase entender como o material biolóxico que distingue femias e machos, e así falábase do dimorfismo sexual da especie humana. Foi a antropóloga Gayle Rubin quen, en 1980, mudou radicalmente o modo de entender o sexo en termos biolóxicos ao considerar que “o sexo, tal e como o coñecemos —identidade sexual, desexo sexual e fantasías— é en si mesmo un produto social” (114). Este sentido resultou fundamental para toda a teoría social contemporánea posmoderna, as teorías feministas incluídas.

## 2.2. Xénero

### 2.2.1. Xénero social

Dentro das teorías da socioloxía e os feminismos, o xénero describe o conxunto de trazos socioculturais que o sistema patriarcal constrúe para categorizar e xerarquizar homes e mulleres, establecendo os marcos de actuación lexitimados para uns e outras. Deste xeito, os papeis de xénero marcan as expectativas sobre o que as mulleres e homes deben facer en cada sociedade e cultura. A lingua é un dos instrumentos cos que se constrúe o xénero social. Mais o feito de que os roles de xénero sexan un constructo sociocultural significa que poden alterarse.

### 2.2.2. Xénero gramatical

Trátase dunha categoría gramatical non asociable a unha realidade extralingüística. Nas linguas románicas todas as palabras teñen xénero gramatical (categoría lingüística), pero, cando a palabra ten como referente unha persoa, xénero gramatical e sexo coinciden, facendo que o xénero gramatical teña valor semántico (a única excepción son os epícenos, aquelas palabras que cun único xénero gramatical designan seres de ambos os sexos, como “persoa”, “ser humano”, “testemuña”, “víctima” etc).

Tamén nas linguas románicas (o galego entre elas), para o xénero (gramatical) masculino considéranse dous usos: un específico, referindo a un suxeito home, e outro supostamente xenérico, que refire tanto a suxeitos homes como a mulleres. Esta circunstancia provoca equívocos en moitos contextos, revelando a subordinación das mulleres ao tempo que a súa invisibilización permanente. O xénero (gramatical) feminino só ten un uso específico para referirse ás mulleres.



## 2.3. Sexismo lingüístico

Ten lugar cando o uso revela asimetrías e discriminacións no tratamento de homes e mulleres, de masculino e feminino, é dicir, cando a través da lingua se perpetúa o sexismo social e se contribúe á construción duns papeis de xénero discriminatorios. Dito doutro modo: o sexismo lingüístico dáse cando nun texto se mantén unha posición ideolóxica sexista (un caso similar ao discurso homófobo ou xenófobo) e tamén cando, conscientemente ou por inercia, se utiliza a linguaxe obviando ou invisibilizando as mulleres.

### 2.3.1. Sexismo gramatical

Prodúcese sexismo gramatical cando os usos lingüísticos sexistas responden a normas lingüísticas recollidas nas gramáticas dos diferentes idiomas. Un exemplo evidente e recorrente de sexismo gramatical é o uso do masculino con suposto valor xenérico.

O masculino “xenérico” resulta ambiguo en moitas ocasións; nas seguintes frases, por exemplo, abonda preguntar a quen se refiren os masculinos para que quede clara esa ambigüidade: “Os chilenos teñen os salarios máis altos de América Latina”, “O 50% dos pais aceptarían un fillo homosexual”.

### 2.3.2. Sexismo discursivo

O sexismo discursivo ten lugar cando a discriminación sexual non está recollida en gramáticas, senón que responde á escolla e perspectiva de quen usa a linguaxe, de xeito que se transmiten estereotipos de xénero, valoracións ou asimetrías sobre mulleres e homes etc.

## 2.4. Androcentrismo

É a consideración do home como eixe, medida e referencia de todas as cousas, é dicir, como prototipo e modelo universal. O termo “androcentrismo” está construído sobre o grego *andrós* = home, sendo *anthropos* o termo grego que designa o ser humano.

Un exemplo claro de androcentrismo é o uso do termo “o home” para referirse a toda a humanidade, ou a utilización da palabra “penetración” para denominar o acto sexual. As entradas dos dicionarios tamén son ben elocuentes respecto ao androcentrismo. Malia que os dicionarios en teoría incorporan as entradas seguindo unha orde alfabética, este criterio invalidase constantemente, usando no seu lugar un criterio androcéntrico que sitúa o masculino primeiro: por exemplo, “neno, -a”.

## 2.5. Linguaxe inclusiva

É aquela que fai visible a existencia dos sexos, utilizando diversas fórmulas para fomentar unha visión do mundo na que se inclúan mulleres e homes. É unha linguaxe completamente correcta desde unha perspectiva gramatical, que busca superar o sexismo lingüístico e o androcentrismo.

## 2.6. Violencia simbólica

O sistema patriarcal, apoiado sobre a desigualdade entre mulleres e homes, é aceptado (por ser interiorizado inconscientemente ou por ser conscientemente preferido) tanto por quen ocupan a posición de superioridade como por quen ocupan a de inferioridade. Trátase dunha aceptación ideolóxica e é simbólica “porque a crenza na superioridade mascu-

lina é un aspecto central da orde establecida. A diferenza natural entre homes e mulleres trasládase á desigualdade e xerarquía entre homes e mulleres. A superioridade masculina é unha característica cultural absolutamente innecesaria, pero constitúe un aspecto central do sistema social que coñecemos como patriarcado” (Alberdi 2005: 14).

## 2.7. Norma e uso

Enténdese por norma o conxunto de regras que rexen un sistema lingüístico, e por uso a aplicación desas regras nun discurso particular. As normas, que son convencionais, están orientadas a procurar que as persoas que falan unha lingua sexan quen de se entender.

O principal motor das linguas é a comunicación e para comunicar é preciso poder dar conta de todos os dominios da realidade. Por iso o léxico das linguas é potencialmente infinito (do contrario esa lingua estaría morta) e por iso tamén as linguas viven en permanente estado de creatividade por parte das persoas que as falan. Os dicionarios non poden ser máis que un libro aberto no que poder rexistrar novos termos e incorporar as mutacións de significado.

A diversidade, a versatilidade e a posibilidade de cambio son sinal de riqueza, a todos os niveis. Non obstante, as resistencias son sempre fortes cando se trata de distinguir entre homes e mulleres, sen comprender que o uso da forma masculina entendida como xenérica non só é imprecisa senón tamén equívoca en moitos contextos. A economía lingüística non se pode constituír en argumento se o resultado é a invisibilización dunha parte da realidade. En tal caso, a lingua perverte o seu valor como instrumento de comunicación.



### 3. ESTRATEXIAS, EXEMPLOS E PROPOSTAS PRÁCTICAS



Nesta sección ofrecemos propostas de estratexias diversas para acadar un uso non sexista da linguaxe, tanto no plano gramatical coma no discursivo. Como dixemos na introdución, partimos dunha ampla escolma de exemplos de sexismo lingüístico atopados maioritariamente en documentos moi diversos da Universidade de Vigo, prestándolle atención tanto á linguaxe administrativa empregada en documentos oficiais institucionais coma á linguaxe máis académica utilizada noutros tipos de documentos. Entre outros, consultamos os seguintes: exames, publicacións, materiais de aula, normativas, convocatorias, páxinas web, o *DUVI* etc. Tamén incorporamos a linguaxe das conversas que acotío teñen lugar tanto nas aulas e xuntanzas coma en contextos máis informais. Pretendemos dar unha panorámica o máis diversa posible para detectar os usos inadecuados e propor solucións. Con este fin presentamos exemplos de sexismo con propostas de corrección, todas elas conformes ás estruturas gramaticais da lingua (orde, concordancia etc.), e correctas

desde un punto de vista tanto morfolóxico coma sintáctico. Finalmente, incluímos tamén exemplos de boas prácticas tirados de textos da propia Universidade de Vigo, que reflicten como a conciencia da necesidade de mudar os hábitos lingüísticos sexistas medra día a día.

### 3.1. *Estratexias contra o sexismo gramatical*

Contra o sexismo gramatical existen diversas estratexias que se poden ir alternando no texto buscando a fórmula máis acaída para cada contexto. As máis comúns son tres: a neutralización ou xeneralización; a especificación e a creación de neoloxismos.

#### 3.1.1. Neutralización ou xeneralización

Consiste en evitar o uso de formas con marcas de xénero, substituíndo o termo sexista (en xeral, un termo masculino supostamente xenérico) por un termo colectivo ou verdadeiramente xenérico.

A neutralización pódese levar a cabo de diversas maneiras, segundo o termo sexista sexa un substantivo, un adxectivo ou participio pasado, ou un pronome. Así, **os substantivos masculinos “xenéricos”** pódense substituír de diversos xeitos:

- (a) por un substantivo verdadeiramente xenérico (“persoal”, “público”, “xente”, “grupo”, “equipo”, “clase”, “colectivo”, “pobo”) ou por un epiceno, é dicir, un termo que cun único xénero gramatical designa seres de ambos os sexos (“persoa”, “ser humano” etc):

A seguinte obra foi reservada por **outro usuario**:

A seguinte obra foi reservada por **outra persoa //  
outra persoa usuaria**.

Número de ~~fillos para os~~ que se solicita a quenda.  
Número de **crianzas // criaturas para as** que se solicita a quenda.

Curso de Comunicación para **Investigadores** do Campus do Mar.

Curso de Comunicación para **Persoal Investigador** do Campus do Mar.

~~Os profesores~~ da materia.

**O equipo docente** da materia.

~~Os traballadores~~ da Universidade.

**O (cadro de) persoal** da Universidade.

~~Os redactores~~ do xornal.

**A redacción** do xornal // **O equipo de redacción** do xornal.

Este volume pretende achegar ~~o lector~~ á obra de Rosalía de Castro.

Este volume pretende achegar **o público lector** á obra de Rosalía de Castro.

O acto contou coa presenza de ~~destacados empresarios e financeiros galegos~~.

O acto contou coa presenza de **destacadas personalidades do mundo empresarial e financeiro galego**.

(b)

por un substantivo abstracto (“o alumnado”, “o estudantado”, “o profesorado”, “as candidaturas”, “a terceira idade”, “a poboación”, “o funcionariado”, “o usuariado” etc.):

Acceso á automatrícula para **novos alumnos**:

Acceso á automatrícula para **novο alumnado**.

Plan de consolidación de **profesores axudantes**:

Plan de consolidación de **profesorado axudante**.

Provisión para o nomeamento de **candidatos**:

Provisión para o nomeamento de **candidaturas**.

Asociación de **Tradutores Galegos**:

Asociación **Galega de Tradución**.

⊖ **lexislador** establece que...

**A lexislación** establece que...

(c)

por un substantivo metonímico que faga referencia ao cargo, profesión, órgano de goberno, actividade, lugar etc. (“a xefatura de servizo”, “o claustro”, “a reitoría”, “o decanato”, “a secretaría”, “a conserxería”, “a dirección do departamento” etc.):

⊖ **reitor** da Universidade, **a secretaria xeral** e **a xerente**:

*N.B. Este exemplo está tirado da Normativa do Consello Social. Nas normativas o texto debe prever que os cargos poden estar ocupados por persoas de calquera sexo e, polo tanto, os substantivos que os designan deben ter un valor xenérico. Por exemplo:*

**A Reitoría** da Universidade, **a Secretaría Xeral** e **a Xerencia**.



~~Os claustrais~~ da Universidade de Vigo ~~aprobaron~~ os novos estatutos.

O ~~claustr~~ da Universidade de Vigo ~~aprobu~~ os novos estatutos.

Os anos non son un problema para ~~o alpinista~~ profesional.

Os anos non son un problema para ~~(practicar) o alpinismo~~ profesional.

Saídas profesionais: ~~enfermeiro~~, docencia, investigación, xestión.

Saídas profesionais: ~~(práctica da) enfermaría~~, docencia, investigación, xestión.

Pola contra, ~~os xornalistas españois amosan~~ unha maior resistencia ao inglés.

Pola contra, ~~o xornalismo español amosa~~ unha maior resistencia ao inglés.

A Universidade de Vigo poderá conceder ~~o grao de doutor honoris causa...~~

A Universidade de Vigo poderá conceder ~~o doutoramento honoris causa...~~

~~Os editores galegos~~ están presentes na feira de Frankfurt.

~~As editoriais // editoras galegas~~ están presentes na feira de Frankfurt.

Cando o termo sexista é **un adxectivo ou un participio pasado**, existen tamén varias posibilidades:

(a) introducir un substantivo neutro e facer a concordancia gramatical con el:

Programa de inserción de **discapitados**.

Programa de inserción de **persoas discapitadas**.

A atención **aos maiores** centra o II Congreso Iberoamericano de Psicoloxía e Saúde.

A atención **á xente maior // ás persoas maiores** centra o II Congreso Iberoamericano de Psicoloxía e Saúde.

Obradoiro de cociña para **emancipados**.

Obradoiro de cociña para **persoas emancipadas**.

(b) substituír o adxectivo ou participio por preposición + substantivo:

Programa de inserción de **discapitados**.

Programa de inserción de **persoas con discapacidade**.

(c) realizar un cambio na redacción, por exemplo:

Un obradoiro de cociña no que **se ofrecerá aos asistentes** nocións básicas de cociña e do uso dos seus instrumentos.

Un obradoiro de cociña no que **se lle ofrecerá a quen asista // se ofrecerán** nocións básicas de cociña e do uso dos seus instrumentos.

Contra a formulación da proposta da resolución provisional poderán **os interesados** formular alegacións. Contra a formulación da proposta da resolución provisional **poderanse** formular alegacións.

**Os solicitantes** deberán achegar o seu currículo.  
**Coa solicitude deberase** achegar o currículo.

**Θ abonado** terá acceso ás instalacións.  
**Se vostede ten un abono** poderá acceder ás instalacións // **Débese ter un abono** para acceder ás instalacións.

**Θ lector** atopará nestas páxinas...  
**Atoparemos // Atoparás // Atopará vostede // Quen lea atopará** nestas páxinas...

**Os vigueses** comen moito peixe.  
**En Vigo cómese** moito peixe.

Finalmente, se se trata dun **pronome sexuado en masculino “xenérico”** (“os que”, “algún”, “ningún”, “todos”, “un”), pódese substituír por fórmulas non marcadas (“quen”, “as persoas que”, “alguén”, “ninguén”, “todo o mundo”, “calquera” etc.). Vexamos algúns exemplos:

Para **todo o que estea interesado**, no decanato temos o programa.

Para **quen teña interese**, no decanato temos o programa.

**Aqueles que dispoñan** de tarxeta universitaria.  
**Quen dispoña** de tarxeta universitaria.

~~Cando un-le~~ os xornais...

Cando **les // lemos // se len** os xornais...

~~Poucos / Moitos~~ pensan...

**Unha minoría / maioría** pensa...

O emprego de xenéricos resulta moi acaído para evitar o salto semántico, que ocorre cando se utiliza un masculino en sentido xenérico e se enuncia sobre el unha primeira oración cuxo sentido cadra a un e outro sexo, para máis adiante volver a empregar o mesmo masculino (explícita ou implicitamente) pero desta vez no seu sentido específico, é dicir, referido a homes exclusivamente. Así, nas seguintes oracións, os masculinos destacados en vermello son falsos xenéricos, xa que o enunciado posterior deixa claro que se refiren unicamente aos homes:

~~Os tuaregs~~ son musulmáns; porén, as súas mulleres non levan veo.

~~Importantes líderes empresariais~~ e elegantes empresarias asistiron ao evento.

O uso de termos verdadeiramente xenéricos evita o perigo do salto semántico:

~~Os alumnos~~ poderán acudir ~~coas súas noivas~~.

**O alumnado** poderá acudir **coas súas parellas**.

### 3.1.2. Especificación

Consiste en facer visibles na linguaxe os sexos que se mencionan, ben mediante marcas do xénero gramatical explícitas e simétricas, ben mediante outros recursos gráficos.

(a)

Mención explícita a ambos os sexos. Se se fala dunha muller, utilízase o feminino; se se fala dun home, utilízase o masculino; se son muller e home, empréganse ambos os xéneros; e tamén se explicitan ambos os xéneros cando se descoñece o sexo das persoas aludidas:

Asociación de **Pais** de **Alumnos**:

Asociación de **Nais e Pais** do **Alumnado**.

Colexio Oficial de **Arquitectos** de Galicia.

Colexio Oficial de **Arquitectas e Arquitectos** de Galicia.

Estudaranse os movementos, tendencias, **autores** e textos máis importantes.

Estudaranse os movementos, tendencias, **autoras e autores** e textos máis importantes.

A explicitación non afecta por igual a todas as palabras da frase con flexión de xénero. A repetición de cada elemento da frase redundaría nunha redacción recargada e pouco fluída, á que poderían dar lugar frases como:

**Todas as alumnas matriculadas e todos os alumnos matriculados.**

O que convén especificar é o grupo nominal da frase, xa que é o que ten máis poder evocador para crear unha imaxe mental simétrica e inclusiva. O resto dos elementos da frase farán a concordancia por proximidade co grupo nominal:

Todas as alumnas e alumnos **matriculados**.

Todos os alumnos e alumnas **matriculadas**.

Uxía e Brais están **aprobados**.

Brais e Uxía están **aprobadas**.

En ocasións, cando o substantivo sexa un termo sen marca de xénero será preciso flexionar os outros elementos do grupo nominal:

~~Os~~ **profesionais** da enxeñaría.

**As e os profesionais** da enxeñaría.

~~Os~~ **bebés** de menos de seis meses.

**As e os bebés** de menos de seis meses.

~~Os~~ **poetas** con terra de seu abundan na literatura galega.

**As e os poetas** con terra de seu abundan na literatura galega.

Artistas **recoñecidos**:

Artistas **recoñecidas e recoñecidos // recoñecidos e recoñecidas**.

En todo caso, débese evitar facer por defecto a concordancia dos artigos, adxectivos e demais elementos en masculino:

Todos os alumnos e alumnas **matriculados**:

Todos os alumnos e alumnas **matriculadas**.

Esta estratexia require ter en conta a orde de aparición dos elementos masculino e feminino. A orde social dominante tende a colocar o masculino en primeiro lugar e o feminino despois:

**Os profesores e profesoras**.

**Os reitores e reitoras**.

Malia que ambos os sexos son visibles nestes enunciados, a orde masculino-feminino continúa a privilexiar o masculino, relegando o feminino a un eterno segundo plano. Para evitar a perpetuación da xerarquización, cómpre optar por criterios máis xustos. Un criterio pode ser a orde alfabética:

**As coordinadoras e coordinadores dos graos.**

**O escritor ou escritora.**

Outra posibilidade é a de ir alternando a orde ao longo do texto, especialmente cando se trata de textos de certa lonxitude. Isto contribúe a unha expresión máis igualitaria e non xerarquizada:

Os intereses, as necesidades, as experiencias de **mulheres e homes** son, en xeral, diferentes, de forma que a conformación dos **equipos de traballo**, a relación entre **as persoas**, a resolución e o enfoque dos problemas, os proxectos, os obxectivos etc. vanse ver beneficiados pola participación equilibrada de **homes e mulleres**.

(b)

Uso de recursos gráficos. Existen recursos como as barras, as parénteses, a arroba ou outros, que poden resultar de utilidade. Cada un deles será máis ou menos acaído dependendo do contexto:

✓ **a arroba (@)** adóitase utilizar na linguaxe dos sms, correos electrónicos, redes sociais etc. Tamén se emprega en multitude de ocasións noutros contextos ou por motivos puramente estilísticos para darlle ao texto un ton inno-

vador e desenfadado (Ciberp@ís, Contact@, Ciber@fé etc.), polo que é perfectamente lexítimo o seu uso para explicitar a diferenza de xénero:

Este 8 de marzo saímos ás rúas **xunt@s**, reivindicando dereitos que nos benefician a todas e a todos.

Queres ser ti **@ amante galego-falante?**

✓ Ademais da arroba, hai outros signos gráficos, como o **æ**, o **x** ou o **\***, que se empregan ás veces para facer referencia a ambos os sexos:

VI Ciclo **Escritoræs** na Universidade.

Participaron no acto **profesorxs** e **alumnxs** da Facultade.

Participaron no acto **profesor\*s** e **alumn\*s** da Facultade.

✓ **a barra (/)** está moi implantada na linguaxe administrativa, especialmente en documentos abertos nos que se descoñece o sexo da persoa interesada (como formularios), aínda que se pode empregar en contextos moi diversos:

Sinatura **da/o** titular.

En Galicia hai un 15% de adolescentes **obesas/os**.

Na comisión debe haber **un/ha** representante do PDI.

Son válidas aquí as mesmas recomendacións que fixemos anteriormente en relación coa alternancia da orde dos xéneros, xa que, se nos limitamos a engadir o feminino,



corremos o risco de convertelo nun simple apéndice subsidiario do masculino:

escritor/a

reitor/a

directoras/es

decanas/os

✓ tamén se poden utilizar parénteses ( ) nalgúns casos:

Cando se fai referencia a 2 **nenos**, enténdese que son **irmáns**:

Cando se fai referencia a 2 **nenas/os**, enténdese que son **irmá(n)s**.

**Algún(ha)s** estudantes obtiveron sobresaliente.

O premio de mellor **autor(a)** novel.

### 3.1.3. Neoloxismos

A implantación dalgunhas destas estratexias pode levar, en ocasións, a ter que crear palabras que ata entón non contaban co xenérico (“usuariado”) ou co feminino (“albanela”, “xuíza”, “avogada”, “chancelleira”, “médica”). A introdución de novos termos é un comportamento frecuente nas linguas cando se trata de representar novas realidades e connotacións antes inexistentes (*iPod*, *e-mail*, *sms*, *hip-hop*, “friki”, *tuppersex*, “altermundo”, “antiglobalización” etc.) sen que xurdan reticencias. Do mesmo xeito, tampouco hai motivo para sermos reticentes á introdución de novos termos para representar novas realidades propias das nosas sociedades, nas que cada vez máis mulleres e homes

desempeñamos actividades antes non consideradas “apropiadas” para algún dos dous sexos:

- ✓ feminino de profesións tradicionalmente masculinizadas: “médica”, “técnica”, “avogada”, “xuíza”, “arquitecta”, “albanela”, “soldada”, “chanceleira”, “notaria”, “alcaldesa”, “informática”, “xerenta”, “bedela”, “música”, “capataza”, “carteira”, “árbitra”, “fabricanta” etc.
- ✓ masculino de profesións tradicionalmente feminizadas: “matrón”, “azafato”, “amo de casa”, “enfermeiro”, “modisto” etc.
- ✓ novos neutros: “usuariado”, “funcionariado”, “estudantado” etc.
- ✓ outros termos: “membra”, “xenia”, “xefa”, “presidenta”, “clienta” etc.

Como se pode ver ao longo deste capítulo, as posibilidades para evitar o sexismo gramatical son moitas. Xa que logo, recoméndase a variedade e a alternancia para darlle fluidez ao texto.

Ora ben, tamén é moi importante manter a coherencia ao longo de todo o texto e vixiar que as concordancias de xénero e número garantan a inclusividade. Nos seguintes exemplos vemos como, a pesar de que o uso de barras, de nomes xenéricos ou colectivos ou doutros recursos indica unha vontade de incluír os dous xéneros, o masculino posterior exclúe as mulleres:

O/A xerente da Universidade de Vigo é ~~o~~ **responsable** da coordinación...

O/A xerente da Universidade de Vigo é **responsable** da coordinación...

~~Os~~ **escritoræs** perante a crise.

**As/Os** **escritoræs** perante a crise // **Escritoræs** perante a crise.

Requisitos para as persoas candidatas. [...] Tamén poderán participar ~~o~~ **cónxuxe**, descendentes e descendentes ~~do~~ **cónxuxe**, das persoas con nacionalidade española e de quen sexa nacional doutros Estados membros da Unión Europea.

Requisitos para as persoas candidatas. [...] Tamén poderán participar **o/a cónxuxe**, descendentes e descendentes **do/da cónxuxe**, das persoas con nacionalidade española e de quen sexa nacional doutros Estados membros da Unión Europea.

**O alumnado** dominará aspectos teóricos e prácticos relacionados co subtítulo, tanto para oíntes coma para ~~xordos~~.

**O alumnado** dominará aspectos teóricos e prácticos relacionados co subtítulo, tanto para oíntes coma para **persoas xordas**.

Utilización das bibliotecas por **persoas alleas** á comunidade universitaria como ~~usuarios externos autorizados~~.

Trátase dunha oferta de estudos para **as persoas** que, por diferentes razóns, non puideran acceder á universidade no seu momento ou que, sendo xa ~~titulados~~, se atopen en idade inhabitual para as tarefas académicas.

Nestes dous últimos exemplos vemos como, ademais, a concordancia é agramatical, xa que “persoas” é un substantivo feminino e, polo tanto, os adxectivos deberían ir en feminino:

Utilización das bibliotecas por **persoas alleas** á comunidade universitaria como **usuarias externas autorizadas**.

Trátase dunha oferta de estudos para **as persoas** que, por diferentes razóns, non puideran acceder á universidade no seu momento ou que, sendo xa **tituladas**, se atopen en idade inhabitual para as tarefas académicas.

### 3.2. Estratexias contra o sexismo discursivo

Considérase que un texto manifesta sexismo discursivo cando nel se transmiten contidos discriminatorios contra as mulleres, é dicir, cando mantén unha posición ideolóxica sexista. Estaríamos nun caso semellante ao discurso homófobo ou xenófobo.

Para saber se un discurso é sexista pódese facer unha proba de inversión, substituíndo a palabra con marca de xénero pola correspondente do xénero oposto. Se a frase resultante perdeu o seu sentido ou resulta ofensiva para un dos sexos, daquela a expresión orixinal tamén era sexista, como se observa nas seguintes expresións destacadas en vermello:

Asistirán á convención **os avogados acompañados das súas mulleres**.

Asistirán á convención **as avogadas acompañadas dos seus homes**.

Na Universidade de Vigo a excelencia académica **ten nome de muller**.

Na Universidade de Vigo a excelencia académica **ten nome de home**.

O menosprezo ás mulleres maniféstase de formas moi diversas:

1) nos duais aparentes, isto é, en palabras que teñen un significado distinto segundo estean en feminino ou en masculino: “un calquera”/“unha calquera”, “home público”/“muller pública”, “home da rúa”/“muller da rúa”, “fulano”/“fulana”, “individuo”/“individua”, “modisto”/“modista”, “asistente”/“asistenta”, “paxaro”/“paxara” etc.

En ocasións a inferiorización do termo feminino é tan forte que se crea un termo masculino diferente para evitar esa connotación. Por exemplo, nas profesións moi feminizadas, créanse novos termos para incorporar os homes:

“secretaria” vs. “administrativo” (“secretario” úsase para altos cargos designados)

“azafata” vs. “auxiliar de voo”

“matrona” vs. “persoal de obstetricia”

“limpadora” vs. “persoal de limpeza”

2) nos baleiros léxicos: palabras que non teñen feminino e que designan cualidades positivas: “cabaleiro”, “home de prol” etc.; e, ao revés, palabras que non teñen masculino e que levan sempre unha carga negativa: “harpía”, “maripuri”, “loba”, *maruja*, *mariliendres* etc.

3) no uso asimétrico de masculinos e femininos, é dicir, un uso que revela unha consideración diferente do suxeito feminino e masculino, en xeral en detrimento das mulleres:

“os africanos” vs. “as mulleres africanas”

“os escritores” vs. “as mulleres escritoras”

Nestas expresións a inclusión do termo “mulleres” é redundante, xa que a terminación “-as” xa indica o seu sexo. Isto ilustra a énfase na

condición sexuada das mulleres cando se fala delas, por moito que vaia en contra do criterio de economía da linguaxe.

4) na asimetría nos tratamentos e usos de cortesía, como nos seguintes casos:

- o uso de “señorita” para referirse a unha muller solteira ou nova, non existindo o equivalente masculino de “señorito” para os homes solteiros

- a referencia ás mulleres polo seu nome de pía no canto de polo apelido:

Dous nomes sobranceiros das letras galegas son Rosalía e Castelao.

Dous nomes sobranceiros das letras galegas son **Rosalía de Castro e Alfonso D. Castelao // de Castro e Castelao.**

No Congreso enfrontáronse Rubalcaba e Carme Chacón.

No Congreso enfrontáronse **Rubalcaba e Chacón // Alfredo Pérez Rubalcaba e Carme Chacón.**

- a referencia ás mulleres polo apelido dos seus maridos, vivos ou mortos:

Cayetana xa é señora de Díez.

Cristina Fernández de Kirchner.

- a anteposición do artigo “a” en contextos nos que non hai relación de proximidade: “a Pardo Bazán” (pero non “o Murguía”), “a Cospedal” (pero non “o Feijóo”).

5) en refráns e frases feitas:

A muller e a sardiña están ben na cociña.

Catro mulleres xuntas, nin defuntas.

6) nas definicións, acepcións e exemplos do dicionario. Abonda cunha ollada aos dicionarios de uso para comprobar como detrás dalgunhas acepcións admitidas como válidas se agocha unha concepción do mundo moi desequilibrada. Sirvan de exemplo as seguintes definicións, extraídas do *Dicionario da Real Academia Galega*:

**home** s.m. 1. Mamífero da orde dos primates (*homo sapiens*), que forma a especie humana, a máis evolucionada da Terra, que se caracteriza fundamentalmente por adoptar a posición vertical, ter linguaxe articulada, intelixencia moi desenvolvida e facultade de razoar.

**muller** s.f. 1. Persoa de sexo feminino.

**home** 7. fam. Marido ou compañeiro, con respecto á parella.

**muller** 3. Esposa.

**masculino** -a adx. 1. Relativo ou pertencente ao macho, propio do macho. *Persoas do sexo masculino.*

**feminino** -a adx. 1. Relativo ou pertencente á femia, propio da femia. *Animal do sexo feminino.*

**pene** s.m. Órgano do aparello xenital masculino, que serve para copular e miccionar. *Pene en erección.*

**vaxina** s.f. Conduto que forma parte do aparato xenital das femias dos mamíferos e que vai desde a vulva ata a matriz. *Unha infección de vaxina.*

7) na presentación das mulleres como subsidiarias dos homes ou como un colectivo á parte:

~~Asistiu o Decano~~ da Facultade de Ciencias do Mar, ~~acompañado da Decana~~ da Facultade de Bioloxía ~~Asistiron o Decano~~ da Facultade de Ciencias do Mar e ~~a Decana~~ da Facultade de Bioloxía.

No atentado houbo 8 vítimas, ~~entre elas mulleres e nenos~~:

No atentado houbo **8 vítimas** // No atentado houbo **8 vítimas: 4 homes, 3 mulleres e 2 crianzas**.

Estudantes, ~~mulleres~~, desocupados, xubilados, inmigrantes.

**Estudantes, persoas desocupadas, xubiladas, inmigrantes.**

8) alusión a cualidades relacionadas coa estética (trazos físicos, roupa etc.) para falar das mulleres, como se ve nas frases destacadas en vermello nos seguintes exemplos:

Ao redor transcorre a vida cotiá: vellos tranvías vermellos, peóns apresurados, vendedores ambulantes, ~~fermosas mulleres~~ policía armadas con pesadas pistolas.

Con gran sobriedade no seu xesto, ~~pois levaba o pelo recollido e unha maquillaxe talvez excesiva~~, a ministra demorouse na explicación de detalles importantes ~~cunha voz clara e ben modulada~~.

A raíña Dona Sofía e Carla Bruni, ~~que vestía uns pantalóns elásticos~~, chegan ao Museo Centro de Arte Reina Sofía.



Para facerlle fronte ao sexismo social, debemos utilizar a linguaxe con precisión e coidado, observando algunhas sinxelas normas básicas:

(a)

nomear correctamente as mulleres e os homes:

- señor Veiga e ~~a señorita Carballo~~.
- señor Veiga e **a señora Carballo**.

(b)

crear referentes femininos, coidando o estilo:

- ~~gañador~~ publicará o seu relato.
- **gañador ou gañadora** publicará o seu relato.

(c)

romper estereotipos, evitando expresións como: “o coche de papá” ou “os médicos e as enfermeiras”.

(d)

non usar diminutivos para se referir ás mulleres ou a ámbitos e obxectos tradicionalmente asociados a elas:

Que ~~vestidiño~~ máis bonito levas!

Non che vira nunca esa ~~blusiña~~.

As ~~bonequiñas~~ de Zapatero (en referencia ás ministras).

(e)

non empregar o xénero feminino para descualificar, nin alusións pexorativas ás mulleres ou aos valores, comportamentos e actitudes que encarnan. É dicir, adquirir estratexias para neutralizar a imaxe negativa que das mulleres transmite a lingua: “ser unha nenaza”, “a cona que te pariu”, “chorar coma unha muller”, “ser unha feminazi” etc.

(f)

utilizar termos xenéricos ou colectivos para substituír palabras marcadas:

Necesítanse ~~limpadoras~~.

Necesítase **persoal de limpeza**.

(g)

procurar utilizar o feminino plural “mulleres” (con ou sen adxectivos) ou individualizar (“cada muller”, “unha muller” etc.). Debemos ter presente que nos referimos a un colectivo múltiple, diverso, plural e que non hai un único modelo de muller senón moitas mulleres:

Día Internacional ~~da Muller~~.

Día Internacional **das Mulleres**.

~~A muller galega~~ é...

**As mulleres galegas** son...

### 3.3. Exemplos de boas prácticas na Universidade de Vigo

Eis unha pequena escolma de exemplos reais de linguaxe inclusiva tirados de textos escritos e orais producidos na Universidade de Vigo:

É necesaria a implicación da cidadanía en xeral e da comunidade universitaria en particular.

Asociación Galega de Profesionais da Tradución e a Interpretación.

Para facilitar o acceso de docentes, estudantes e persoal da Universidade a todos os recursos da Biblioteca.

Cursos de galego e español para alumnado estranxeiro.

Os servizos da Biblioteca inclúen actividades formativas para os seus usuarios e usuarias.

Algún/has de nós amamos os nosos nocellos.

Ninguén elixe de quen quere ser fill@, nin onde nacer.

A Carta de servizos do persoal docente e investigador.

Dereitos das persoas usuarias.

Segunda. Requisitos das persoas candidatas. Para poder ser admitidas á realización destas probas selectivas, as persoas que sexan aspirantes deberán reunir os requisitos esixidos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Recibir as solicitudes de interesados e interesadas.

A actividade equilibrada entre docencia e investigación + transferencia dun profesor ou profesora “tipo” que non exerce cargo de xestión é a seguinte...

Aplicaráselle un desconto dun 50% ao alumnado da Universidade de Vigo.

### 3.4. Táboa de formas recomendadas

Esta táboa recolle as estratexias empregadas anteriormente nos exemplos sen afán exhaustivo, senón a modo de resumo das propostas de linguaxe inclusiva comentadas nas diferentes seccións deste manual.

Formas recomendadas	Formas para non usar
O alumnado As alumnas e alumnos Alumnas e alumnos Alumn@s Alumnas/os, alumnos/as Alumnxs, alumn*s Estudiantes Estudantado	⊖ alumno ⊖s alumnos ⊖s estudantes
O profesorado Profesoras e profesores O persoal docente e investigador Investigadoras e investigadores Investigadores e investigadoras	⊖ profesor ⊖s profesores ⊖s investigadores
Boleiras e bolseiros Bolseiros e boleiras As boleiras e os bolseiros Os bolseiros e as boleiras Bolseir@s	⊖ bolseiro ⊖s bolseiros

O persoal de administración e servizos O persoal técnico	Os administrativos Os técnicos
A comunidade universitaria Profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos	Profesores, alumnos e persoal de administración e servizos
Os titulados e tituladas As tituladas e titulados Persoas tituladas	Os titulados
Os graduados e graduadas As graduadas e graduados Persoas graduadas Graduad@s	Os graduados
As persoas interesadas Interesadas e interesados Interesados e interesadas	Os interesados
As persoas usuarias Os usuarios e as usuarias As usuarias e os usuarios O usuariado	Os usuarios

Persoas admitidas	Admitidos
Persoas excluídas	Excluídos

Persoas candidatas	Candidatos
Candidaturas	
Aspirantes	

As persoas traballadoras	Os traballadores
Traballadoras e traballadores	
Traballadores e traballadoras	Os delegados sindicais
O cadro de persoal	
A representación sindical	

A cidadanía	Os cidadáns
Cidadáns e cidadás	
Cidadás e cidadáns	

As persoas solicitantes	Os solicitantes
Quen solicita/n	
Solicitantes	

Director/a	Directores
Dirección	Os directores
Director ou/e directora	
A persoa que dirixe	
A persoa responsable da dirección	

Titor/a	<del>Titor</del> /o titor
Titoras e titores	<del>Titores</del> /os titores
Titores e titoras	
A persoa que titoriza	
Titor ou titora	
Titorización	
Titoría	

A persoa responsable	<del>O</del> responsable
As persoas responsables	<del>Os</del> responsables
Responsables	

Reitor/Reitora	<del>Reitor</del>
Reitoría	<del>Reitores</del>
Conferencia de reitoras/es	<del>Conferencia de reitores</del>
Conferencia de reitoras e reitores	
Conferencia de reitorías	

Vicerreitor/Vicerreitora	<del>Vicerreitor</del>
Vicerreitoría	<del>Vicerreitores</del>
Vicerreitores e vicerreitoras	

Decana ou Decano	<del>Decano</del>
Decanato	<del>Decanos</del>

Vicedecana ou vicedecano	<del>Vicedecano</del>
Vicedecanato	<del>Vicedecanos</del>

Secretaria ou secretario Secretaría	Secretario Secretarios
O funcionariado As funcionarias e funcionarios	Os funcionarios
A organización Organizador@s	Os organizador Os organizadores
A persoa lectora/O público lector Quen le	Os lector
O escritor ou a escritora Escritoras e escritores Escritor@s Escritoræs	Os(es) escritor(es)
A voz narradora/A voz narrativa	Os narrador
Empresaria/os Empresarios e empresarias O empresariado A clase empresarial	Os(es) empresario(s)



Escola de Enxeñaría Industrial	Escola de Enxeñeiros Industriais
--------------------------------	----------------------------------

Colexio Oficial de Arquitectas e Arquitectos	Colexio Oficial de Arquitectos
Colexio Oficial de Profesionais da Arquitectura	
Colexio Oficial de Avogadas e Avogados	Colexio Oficial de Avogados
Colexio Oficial de Profesionais da Avogacía	



## 4. BIBLIOGRAFÍA



### 4.1. Bibliografía citada

Alberdi, Inés: “Cómo reconocer y cómo erradicar la violencia contra las mujeres”. *Violencia: Tolerancia cero*. Barcelona: Obra social, Fundación La Caixa, 2005. 10-82.

Bourdieu, Pierre: *Language and Symbolic Power*. Londres: Polity Press, 1991.

Callamard, Agnes: “El sexismo a flor de palabras”. *Le Monde Diplomatique*, 15 de marzo - 15 de abril de 1998. 17. Tradución de Beatriz e Zaida de Modemmujer. <<http://www.nodo50.org/ameco/Vocabsexism.htm>>

*Dicionario da Real Academia Galega*. Edición electrónica de 2012. Real Academia Galega, 2012. <<http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>>

Martín Lucas, Belén, coord. *Violencias (in)visibles: Intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal*. Barcelona: Icaria, 2010.

Rubin, Gayle: “Reflexionando sobre el sexo: notas para una teoría radical de la sexualidad”. *Placer y peligro*. Comp. Carole S. Vance. Madrid: Editorial Revolución, 1989. 113-190.

## 4.2. Bibliografía recomendada

### 4.2.1. Guías e manuais en liña no ámbito galego

Agulló i García, Xavier: “Guía rápida para unha linguaxe non sexista” (traducida e adaptada ao galego por Olga Castro). *Blog Responsable*, 2008. <<http://www.etia.biz/blog/guia-sen-sexismos.pdf>>

Bermúdez Blanco, Manuel e Alba Cid Fernández: *Criterios de linguaxe non sexista*. Santiago de Compostela: Servizo de Normalización Lingüística e Oficina de Igualdade de Xénero, Universidade de Santiago de Compostela, 2011. <[http://www.usc.es/sn/servizo/linguaxe\\_non\\_sexista.pdf](http://www.usc.es/sn/servizo/linguaxe_non_sexista.pdf)>

*Lingua galega: criterios lingüísticos* [capítulo IV. Recomendacións para as marcas de xénero]. Vigo: Universidade de Vigo, Área de Normalización Lingüística, 2002. <[http://anl.uvigo.es/UserFiles/File/manuais/Lingua\\_galega.\\_Criterios\\_linguisticos.pdf](http://anl.uvigo.es/UserFiles/File/manuais/Lingua_galega._Criterios_linguisticos.pdf)>

*Recomendacións para o uso dunha linguaxe non sexista*. CIG-Ensino, 2007. <<http://www.cig-ensino.com/descargas/00774.pdf>>

*Recomendacións para unha linguaxe non discriminatoria na Confederación Intersindical Galega*. CIG, 2006. <[http://www.aulaintercultural.org/IMG/pdf/recomendacions\\_linguaxe\\_non\\_discriminatoria.pdf](http://www.aulaintercultural.org/IMG/pdf/recomendacions_linguaxe_non_discriminatoria.pdf)>

*Recomendacións para unha linguaxe non discriminatoria na Administración pública*. 2ª edición. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Servizo Galego de Igualdade. 2002. <<http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/reclindi.pdf>>

#### 4.2.2. Guías e manuais en liña noutros ámbitos

100 palabras para la igualdad. *Glosario de términos relativos a la igualdad entre hombres y mujeres*. Comisión Europea, Dirección General de Empleo, Relaciones Laborales y Asuntos Sociales, 1998. <[http://www.europarl.europa.eu/transl\\_es/plataforma/pagina/celter/glosario\\_genero.htm](http://www.europarl.europa.eu/transl_es/plataforma/pagina/celter/glosario_genero.htm)>

Alario, Carmen, Mercedes Bengoechea, Eulalia Lledó e Ana Vargas: *Nombra en femenino y en masculino: La representación del femenino y el masculino en el lenguaje*. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales. Instituto de la Mujer, 1995. <<http://www.mujerpalabra.net/pensamiento/lenguaje/eulalialledocunill/nombra.pdf>>

*Estudio sobre lenguaje y contenido sexista en la Web*. T-incluye.org. Proyecto Web con género. <[http://www.mujeresenred.net/IMG/pdf/Estudio\\_paginas\\_web\\_T-incluye\\_ok.pdf](http://www.mujeresenred.net/IMG/pdf/Estudio_paginas_web_T-incluye_ok.pdf)>

*Género y lenguaje jurídico*. Departamento de Ciencia Política y Derecho Público, Universitat Autònoma de Barcelona. <[http://eucatcons.uab.cat/index.php?option=com\\_content&view=article&id=133&lang=es](http://eucatcons.uab.cat/index.php?option=com_content&view=article&id=133&lang=es)>

*Guía del lenguaje para el ámbito educativo*. Emakunde. Instituto Vasco de la Mujer. <[http://www.emakunde.euskadi.net/u72-publicac/es/contenidos/informacion/pub\\_guias/es\\_emakunde/adjuntos/guia\\_leng\\_educ\\_es.pdf](http://www.emakunde.euskadi.net/u72-publicac/es/contenidos/informacion/pub_guias/es_emakunde/adjuntos/guia_leng_educ_es.pdf)>

Lledó Cunill, Eulàlia: *Guías y manuales (para evitar el uso de un lenguaje sexista y androcéntrico)*. <<http://www.mujerpalabra.net/pensamiento/lenguaje/eulalialledocunill/manuales.htm>>

*Nombra.en.red*. <<http://www.upm.es/sfs/Rectorado/Gerencia/Igualdad/Lenguaje/Nombra%20en%20red.pdf>>

*Recomendaciones para un uso no sexista del lenguaje.* Servicio de Lenguas y Documentos (BPYLDI), UNESCO. <<http://unesdoc.unesco.org/images/0011/001149/114950so.pdf>>

### 4.2.3. Outros recursos

*Exeria. Aplicación para unha linguaxe non sexista en galego.* <<http://www.exeria.net/>>

*Nombra.en.red* (programa). [http://www.mujiresenred.net/news/article.php3?id\\_article=863](http://www.mujiresenred.net/news/article.php3?id_article=863)

*Recursos educativos para la igualdad y la prevención de la violencia de género.* Educar en igualdad. <<http://educarenigualdad.org/>>

*Themis. Corrector del lenguaje sexista.* <[http://www.themis.es/Lenguaje\\_No\\_Sexista.html](http://www.themis.es/Lenguaje_No_Sexista.html) >

### 4.2.4. Textos teóricos

Balaguer Callejón, María Luisa: “Género y lenguaje: presupuestos para un lenguaje jurídico igualitario”. UNED. *Revista de Derecho Político* 73, setembro-desembro 2008. 71-100.

Bengoechea, Mercedes: “Sexismo y androcentrismo en los textos administrativo-normativos”, 2005. <<http://www.upm.es/sfs/Rectorado/Gerencia/Igualdad/Lenguaje/sexisimo%20y%20androcentrismo%20en%20texto%20administrativos.pdf>>

Bengoechea, Mercedes: “La subordinación simbólica como fuente de violencia: el lenguaje como vehículo de discriminación contra las mujeres”. *II Congreso sobre violencia doméstica y de género.* Granada, febreiro 2006. <[http://www.poderjudicial.es/stfls/PODERJUDICIAL/DOCTRINA/FICHERO/02.2ponencia\\_bengoechea\\_1.0.0.pdf](http://www.poderjudicial.es/stfls/PODERJUDICIAL/DOCTRINA/FICHERO/02.2ponencia_bengoechea_1.0.0.pdf)>

- Bengoechea, Mercedes: “‘Rompo tus miembros uno a uno’ (Pablo Neruda): de la reificación a la destrucción en los discursos masculinos sobre la mujer”. *Circunstancia. Revista de Ciencias Sociales del IUIOG*, V/12, 2007. <<http://www.fog.es/fog/ver/270/circunstancia/ano-v--numero-12---enero-2007/investigaciones-en-curso/rompo-tus-miembros-uno-a-uno>>
- Burgos, Elvira e José Luis Aliaga: “Estudio preliminar” a *Delia Esther Suardíaz. El sexismo en la lengua española* [orixinal en inglés inédito, ano 1973]. Zaragoza: Libros Pórtico, 2002. 15-107.
- Castro Vázquez, Olga: “Galego non sexista: de necesidade utópica a posibilidade real”. *Longalingua* 18. Revista da Mesa pola Normalización Lingüística, xullo 2008. 20-31.
- Castro Vázquez, Olga: “Rebatendo o que outrOs din da linguaxe non sexista”. *O verbo patriarcal. Festa da Palabra Silenciada* 24, 2008. 39-49. Versión en castelán publicada en *Mujeres en Red* <<http://mujeresenred.net/spip.php?article1734>>
- Castro Vázquez, Olga: “Galego + non sexista: como e por que avanzarmos cara a unha outra representación de xénero na lingua”. *Lingua e Xénero. VI Xornadas Lingua e usos*. Ed. Xesús Mosquera Carregal. A Coruña: Universidade da Coruña, 2010. 33-61. <[http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro\\_Lingua\\_e\\_Xenero.pdf](http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_e_Xenero.pdf)>
- Forgas Berdet, Esther: “Siguiendo pistas: la emergencia de la mujer en el diccionario”. *De igualdad y diferencias: diez estudios de género*. Dir. Ana María Vigara Tauste. Madrid: Huerga y Fierro, 2009. 77-96.
- Lledó Cunill, Eulàlia: *Profesiones en femenino*. Madrid: Instituto de la Mujer, 1995.
- Lledó Cunill, Eulàlia: “Ministras, arrieras y azabacheras. De la feminización de tres lemas en el DRAE (2001)”, 2002. <<http://www.ucm.es/info/especulo/cajetin/lledo.html>>

Lledó Cunill, Eulàlia: “De yeguas, vacas, rebaños y cluecas”. *De igualdad y diferencias: diez estudios de género*. Dir. Ana María Vigara Tauste. Madrid: Huerga y Fierro, 2009. 97-111.

Meana, Teresa: *Porque las palabras no se las lleva el viento. Por un uso no sexista de la lengua*. Valencia: Ayuntamiento de Quart de Poblet, 2004: <[http://webs.uvigo.es/xenero/profesorado/teresa\\_meana/sexismo\\_lenguaje.pdf](http://webs.uvigo.es/xenero/profesorado/teresa_meana/sexismo_lenguaje.pdf)>

Mosquera Carregal, Xesús (ed.): *Lingua e Xénero. VI Xornadas Lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, 2010. <[http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro\\_Lingua\\_e\\_Xenero.pdf](http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_e_Xenero.pdf)>

Moure, Teresa: *A palabra das fillas de Eva*. Vigo: Galaxia, 2005.

Moure, Teresa: *Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e outras clasificacións*. Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2011.

*O verbo patriarcal*. Número monográfico. *Festa da Palabra Silenciada* 24, 2008.

Vigara Tauste, Ana María: “Nombrar en femenino. El caos emblemático de jueza”. *De igualdad y diferencias: diez estudios de género*. Dir. Ana María Vigara Tauste. Madrid: Huerga y Fierro, 2009. 21-76.

### 4.3. Lexislación vixente que regula o uso dunha linguaxe non discriminatoria

*Documentación internacional y normativa estatal y autonómica sobre la utilización de linguaxe no sexista*. Gentyll: Género en la Traducción y el Lenguaje y la Legislación. <<http://gentyll.uah.es/gentyllp/leges/lexspix.html>>

Estatutos da Universidade de Vigo. Artigo 6º. <[http://secxeral.UVigo.es/secxeral\\_gl/normativa/universidade/estatutos/index.html](http://secxeral.UVigo.es/secxeral_gl/normativa/universidade/estatutos/index.html)>



Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. DOG núm. 149, 3 de agosto 2004. <[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2004/20040803/Anuncio1501E\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2004/20040803/Anuncio1501E_gl.html)>

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. BOE núm. 71, 23 de marzo de 2007. <[http://www.boe.es/boe\\_gallego/dias/2007/03/29/pdfs/A01203-01234.pdf](http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2007/03/29/pdfs/A01203-01234.pdf)>

Lei 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. BOE núm. 89, 13 de abril de 2007. <[http://www.boe.es/boe\\_gallego/dias/2007/04/20/pdfs/A01594-01612.pdf](http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2007/04/20/pdfs/A01594-01612.pdf)>

*Informe sobre linguaxe non sexista no Parlamento europeo* (aprobado polo Grupo de Alto Nivel sobre Igualdade de Xénero e Diversidade o 13 de febreiro de 2008). <<http://lenguajeadministrativo.files.wordpress.com/2011/01/informe-sobre-el-lenguaje-no-sexista-pe-i.pdf>>

Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género. <<http://www.boe.es/boe/dias/2004/12/29/pdfs/A42166-42197.pdf>>

*Recomendación CM/Rec(2007)17 del Comité de Ministros [sic] a los Estados miembros sobre las normas y los mecanismos de igualdad entre mujeres y hombres*. Epígrafes 29, 30 e 36. <<http://www.educacion.gob.es/dctm/ministerio/horizontales/ministerio/igualdad-de-genero/mecanismos-de-igualdad.pdf?documentId=0901e72b80b0251a>>

